

PROPOSTA DE LIÑAS XERAIS DO REGULAMENTO ELECTORAL XERAL (Aprobadas polo Pleno do Claustro do 26 de xuño de 2015)

A promulgación dos Estatutos da USC por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG do 12 de febreiro), fai necesario axustar o Regulamento Electoral, para adaptar as súas disposicións ao texto estatutario.

Non obstante, ese axuste é de tal calado que as modificacións propostas nestas liñas xerais suporían a dicir verdade a elaboración dun novo Regulamento. O procedemento previsto na norma estatutaria pide ao Claustro Universitario a aprobación de ditas liñas xerais [artigo 78.g)] e ao Consello de Goberno a do seu texto articulado nun regulamento [81.)).

Como o máis próximo en termos xurídicos á expresión “liñas xerais” é un documento de bases, preséntase ante o Claustro Universitario o presente para a súa emenda, debate e, de ser o caso, votación.

BASE PRIMEIRA Ámbito de aplicación

Un.- Ampliase o número de procesos electorais sometidos ao Regulamento Xeral Electoral coa incorporación do relativo aos membros dos comités de dirección das escolas de doutoramento.

Dous.- Refórzase a función do Regulamento Electoral Xeral como dereito supletorio na Universidade de Santiago de Compostela.

Tres.- Segundo o anterior, os procesos electorais comprendidos no Regulamento Electoral Xeral son:

- a) Elección de reitor.
- b) Elección de membros do Claustro Universitario, das xuntas de facultade e de escola, dos consellos de departamento e dos comités de dirección das escolas de doutoramento.
- c) Elección de decanos de facultade, directores de escola e directores de departamento.
- d) Elección de representantes dos directores de departamento, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e doutras estruturas universitarias, no Consello de Goberno.

BASE SEGUNDA

Electores

Catro.- Redefínese a condición de elector para a súa adaptación aos artigos 12, 32, 36.2 e 75 dos Estatutos.

Cinco.- Serán electores na condición de profesorado doutor con vinculación permanente en servizo activo: os catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade, catedráticos de escola, profesores titulares de escola con título de doutor, profesores contratados doutores e profesores colaboradores con título de doutor.

Seis.- Serán electores na condición de outras categorías de persoal docente e investigador:

- O profesorado funcionario non doutor.
- Os axudantes.
- O profesorado axudante doutor.
- O profesorado colaborador.
- O profesorado asociado.
- O profesorado interino de substitución.
- O persoal investigador en formación.
- O profesorado emérito.
- O profesorado visitante.
- O persoal para lectorados de linguas modernas ou estranxeiras.
- O persoal doutor contratado pola Universidade de Santiago de Compostela consonte a lexislación vixente con cargo a programas competitivos de incorporación ás universidades de investigadores e/ou docentes, sempre que o contrato permita a impartición de docencia.
- Aqueloutras persoas contratadas pola Universidade de Santiago de Compostela mediante concurso público que realicen labores docentes ou investigadoras e que cumpran os requisitos, entre outros os de permanencia e dedicación que se establezan neste Regulamento.

No caso de profesorado con vinculación temporal coa Universidade de Santiago de Compostela ou do persoal citado na alínea anterior, será requisito para considerarse elector a acreditación do vínculo coa Universidade, que debe ser superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses, e con dedicación polo menos a media xornada.

Sete.- Serán electores na condición de estudantes o alumnado matriculado nas titulacións oficiais da Universidade.

Oito.- Serán electores na condición de persoal de administración e servizos o devandito persoal se é retribuído con cargo ao capítulo I das normas orzamentarias e ten unha antigüidade igual o superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses e unha dedicación a tempo parcial equivalente a metade da xornada dun traballador ou dun funcionario a tempo completo comparable.

BASE TERCEIRA

Colexios e circunscricións electorais

Nove.- Cómpre indicar que o colexio electoral no caso de eleccións a membros dos comités de dirección das escolas de doutoramento será o conxunto de electores inscritos no censo da respectiva escola de doutoramento. Nas outras estruturas universitarias de investigación estarase ao disposto nos seus propios regulamentos.

Dez.- Da mesma maneira, cómpre indicar que as circunscricións electorais no caso de eleccións a membros dos comités de dirección das escolas de doutoramento serán as propias escolas.

BASE CUARTA

Competencias da Comisión Electoral Central

Once.- Con fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, cómpre ampliar as competencias da Comisión Electoral Central neste senso.

Doce.- Son competencias da Comisión Electoral Central no eido dos procedementos electorais suxeitos ao voto electrónico as seguintes:

- Nomear, tras o correspondente sorteo, os membros titulares e suplentes das mesas electorais.
- Nomear aos delegados da Mesa Electoral Electrónica nas sedes establecidas para a emisión do voto electrónico no caso de terse elixido este sistema de votación.
- Decidir o sistema de votación, manual ou electrónica, para cada proceso electoral e o sistema de acreditación da identidade dixital no caso de votacións electrónicas.

BASE QUINTA

Disposicións xerais sobre o censo electoral

Trece.- Introdúcese a referencia aos censos das escolas de doutoramento e convértese en deber o que estaba configurado, pola redacción dada ao precepto, nunha opción de actualización dos censos pola Secretaría xeral.

Catorce.- Os censos dos órganos de goberno colexiados das facultades, escolas, departamentos, institutos de investigación e escolas de doutoramento deberán ser actualizados pola Secretaría Xeral respecto das incorporacións ou baixas que non requiran eleccións. Esta actualización non alterará a composición dos demais sectores, con

independencia das proporcións asignadas a cada un deles nos Estatutos, en tanto non se celebren as correspondentes eleccións.

BASE SEXTA

Adscrición ás circunscricións

Quince.- Con fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral aos artigos 2, 4, 31 e concordantes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, cómpre modificar a adscricións ás circunscricións electorais.

Dezaseis.- Os membros do persoal docente e investigador (PDI) estarán censados no departamento ao que pertenzan e no centro no que presten a maior parte dos seus servizos. Todos eles deberán estar censados nun único centro e nun único departamento. Así mesmo teranse en conta as seguintes regras:

- a) Quen teñan un encargo docente anual no POD igual ou superior a noventa horas en dous ou máis centros, poderá censarse en calquera deles.
- b) Quen teña un encargo docente anual no POD inferior a noventa horas en cada un dos centros nos que imparta docencia, poderá censarse en calquera deles.
- c) Os membros do PDI poderán solicitar ser censados no centro no que tiveran a súa docencia maioritaria nos dous últimos anos nun centro, sempre que manteñan nel algún encargo docente no POD.
- d) Os membros do PDI con exención de docencia por cargo académico, ano sabático ou algunha outra causa que non implique perda do dereito de sufraxio, continuará censado no centro e departamento aos que pertencía. Non obstante, poderán solicitar ser censados no centro no que tiveran a súa docencia maioritaria nos dous últimos anos
- e) Opcionalmente, os membros do PDI poderán censarse no centro onde teña a súa sede o Departamento no que desenvolven a meirande parte das súas actividades.

Dezasete.- Os membros das restantes categorías do persoal docente e investigador detalladas na Base segunda, seis, agás os investigadores en formación, estarán censados así mesmo nunha das cinco grandes áreas (Ciencias da Saúde, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura e Arte e Humanidades), tendo en conta a respectiva adscrición a elas do departamento ao que pertenzan, e de ser necesario tendo en conta tamén o centro no que estean censados.

Dezaioito.- Co fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral ao colexio electoral do sector II (art. 75 dos Estatutos), cómpre modificar a situación censual dos investigadores en formación, que pasarán a estar censados nun único campus (Santiago de Compostela ou Lugo), nun único departamento e, se é o caso, tamén nun centro, segundo as seguintes regras:

- a) Estarán censados no departamento ao que estean vinculados. Presumirase a vinculación dos investigadores en formación ao departamento no que estean rexistrados.
- b) Os investigadores en formación estarán censados, de ser o caso, no centro no que impartan docencia, sendo de aplicación as regras para a asignación de centros establecidas para o PDI.
- c) No caso de non ter docencia, estarán censados na escola de doutoramento responsable do programa de doutoramento no que estean matriculados.

Dezanove.- Co fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral ao colexio electoral do sector III (art. 75 dos Estatutos), os estudantes de titulacións oficiais estarán censados no centro ou centros responsables da titulación ou titulacións en que estean matriculados e nos departamentos que teñan a súa docencia asignada ás materias nas que estean matriculados, excepto os estudantes de doutoramento.

Os estudantes de doutoramento censaranse na escola de doutoramento responsable do programa de doutoramento no que estean matriculados e nos departamentos ao que pertenza o seu titor de tese.

Vinte.- Para os efectos de constituír o comité de dirección das escolas de doutoramento, estarán censados nas respectivas escolas:

- a) O persoal docente e investigador da USC en servizo activo vinculados aos programas de doutoramento adscritos á escola nos termos que determina o Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.
- b) Os estudantes matriculados nos programas de doutoramento adscritos á escola.
- c) O persoal de administración e servizos que desenvolva nela a súa actividade.

Vinte bis.- Para os efectos de elixir representantes do persoal de administración e servizos nas xuntas de centro e nos consellos de departamento determinarase os membros deste colectivo vinculados respectivamente a cada centro e a cada departamento.

BASE SÉTIMA

Votos válidos, nulos e en branco

Vinte e un.- Por aplicación do voto electrónico, cómpre indicar que non existirá nas eleccións electrónicas o voto nulo

Vinte e dous.- Para os casos de voto en branco, cómpre engadir que terá tal condición o da papeleta que dea a opción de votar en branco.

BASE OITAVA

Cómputo de prazos e procedemento

Vinte e tres.- Consonte o punto primeiro do Acordo de Consello de Goberno do 2 de maio de 2013, sobre duración do curso académico e convocatoria dos órganos colexiados, nas eleccións do reitor ou reitora, dos representantes en órganos colexiados e dos decanos

e directores de centro e directores de departamento, serán inhábiles o período de exames oficiais en toda a Universidade segundo o calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

Considéranse, con carácter xeral, inhábiles os meses de xullo e agosto, así como os días dos mes de setembro anteriores ao inicio do curso académico, consonte ao establecido no calendario académico.

BASE NOVENA

Convocatoria das eleccións

Vinte e catro.- Con fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, procede ordenar que a convocatoria de eleccións e os actos derivados da mesma publicaranse no Taboleiro de Anuncios Electrónico da Universidade. Así mesmo, a data de referencia para os efectos de cómputo de prazos e cumprimento do disposto neste Regulamento será a da publicación no devandito Taboleiro Electrónico.

BASE DÉCIMA

Publicación e impugnación do censo electoral

Vinte e cinco.- Con fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, convén ordenar que as listas do censo, ademais de expoñerse publicamente nas sedes centrais da Universidade e nos centros, podan publicarse temporalmente no Taboleiro Electrónico de Anuncios.

O censo ten que ser publicado de xeito completo incluso no caso de utilizar para tal fin o Taboleiro Electrónico da Universidade.

BASE UNDÉCIMA

Presentación de candidaturas

Vinte e seis.- Con fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, a presentación das candidaturas poderá facerse no Rexistro Xeral da Universidade ou no seu Rexistro Electrónico.

BASE DUODÉCIMA

Interventores

Vinte e sete.- (Supresión)

Vinte e oito.- Convén engadir que os interventores exercerán o seu dereito de sufraxio na mesa ante a que estean acreditados, agás no caso de votacións electrónicas.

BASE DÉCIMO TERCEIRA

Votación

Vinte e nove.- Co fin de distinguilos dos artigos dedicados a votación electrónica, nos epígrafes dos que se relacionan de seguido deberá aparecer a expresión “en procesos electorais non electrónicos”, quedando deste xeito:

- Artigo 34. Xornada de votación en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 35. Mantemento da orde en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 36. Identificación dos electores en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 37. Emisión do voto en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 38. Escrutinio en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 39. Fin do reconto en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 40. Acta de escrutinio en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 41. Acta da sesión en procesos electorais non electrónicos
- Artigo 42. Expediente electoral en procesos electorais non electrónicos

BASE DÉCIMO CUARTA

Ponderación do voto nas eleccións a reitor/a

Trinta.- De acordo co artigo 83.2 dos Estatutos, a ponderación do voto nas elección a reitor queda como segue:

- Sector I, profesorado doutor con vinculación permanente: 51 %
- Sector II, restantes categorías de persoal docente e investigado: 11 %
- Sector III, alumnado matriculado en titulacións oficiais: 28 %
- Sector IV, persoal de administración e servizos: 10%

Trinta e un.- Para os efectos da ponderación do voto, a Comisión Electoral procederá do seguinte xeito:

- a) Unha vez coñecido o número de votos validamente emitidos a candidaturas no sector de profesorado doutor con vinculación permanente (VPD), calcularase o número total de votos ponderados (VPT), de acordo coa seguinte fórmula: $VPT = VPD \times 100 / 51$.
- b) Unha vez coñecido o número total de votos ponderados (VPT), calcularase o número de votos ponderados que corresponde a cada sector en función das porcentaxes atribuídas a cada un deles, tendo en conta que o número de votos ponderados correspondente ao sector de profesorado doutor con vinculación permanente é equivalente ao número de votos validamente emitidos a candidaturas nese sector.
- c) Coñecidos os votos ponderados que corresponden a cada un dos sectores, calcularase o coeficiente que debe aplicarse aos votos realmente emitidos neles, utilizando catro decimais. Este coeficiente será a resultante de dividir o número de votos ponderados que corresponden a cada sector entre o número de votos emitidos nel, e nunca poderá ser superior a 1.
- d) O número de votos ponderados totais de cada candidatura será o resultado da suma dos votos validamente emitidos ao seu favor polo profesorado doutor

con vinculación permanente e dos votos validamente emitidos ao seu favor polos demais sectores multiplicados polo seu respectivo coeficiente de ponderación.

e) En cada sector o número de votos redondearase á unidade mais próxima. Se o primeiro decimal fose inferior a 5 manterase a mesma unidade; e se o primeiro decimal fose 5 ou superior a 5 redondearase a unha unidade superior.

BASE DÉCIMO QUINTA

Eleccións de representantes no Claustro Universitario: sectores

Trinta e dous.- Consonte o artigo 75 dos Estatutos, cómpre adaptar o Claustro Universitario aos sectores e subsectores que o conforman para constituír os colexios electorais do xeito seguinte:

- Sector I: cincuenta e un por cento de profesorado doutor con vinculación permanente, é dicir, 153 membros.
- Sector II: once por cento de membros das restantes categorías de persoal docente e investigador, é dicir, 33 membros. O persoal investigador en formación constituirá un subsector ao que lle corresponderá un número de postos proporcional ao seu número de electores.
- Sector III: vinte e oito por cento de alumnado matriculado en titulacións oficiais, é dicir, 84 membros.
- Sector IV: dez por cento de membros do persoal de administración e servizos, é dicir, 30 membros.

Trinta e tres.- A súa vez, o sector II estará formado polas seguintes categorías:

- O profesorado funcionario non doutor.
- Os axudantes.
- O profesorado axudante doutor.
- O profesorado colaborador.
- O profesorado asociado.
- O profesorado interino de substitución.
- O persoal investigador en formación.
- O profesorado emérito.
- O persoal doutor contratado pola Universidade de Santiago de Compostela consonte a lexislación vixente con cargo a programas competitivos de incorporación ás universidades de investigadores e/ou docentes, sempre que o contrato permita a impartición de docencia.
- Aqueloutras persoas contratadas pola Universidade de Santiago de Compostela mediante concurso público que realicen labores docentes ou investigadoras e que cumpran os requisitos, entre outros os de permanencia e dedicación que se establezan neste Regulamento.

No caso de profesorado con vinculación temporal coa Universidade de Santiago de Compostela ou do persoal citado na alínea anterior, será requisito para considerarse elector a acreditación do vínculo coa Universidade, que debe

ter unha antigüidade igual ou superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses e a unha dedicación a tempo parcial equivalente, ao menos, a un P6.

Trinta e catro.- O sector III estará integrado por todos o estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela matriculado en titulacións oficiais de grao, máster ou doutoramento que cumpra as condicións que estipule o presente Regulamento e que non teñan o dereito a pertencer a outro colexio electoral.

Trinta e cinco.- Consonte o disposto no artigo 31 dos Estatutos e para os efectos deste Regulamento, considéranse investigadores en formación e pertencerán ao sector II aquelas persoas con titulación universitaria que estando a realizar a tese de doutoramento, sexan beneficiarios de programas de axuda dirixidos ao desenvolvemento de actividades de formación e especialización científica, técnica, artística ou humanística, de acordo co establecido na normativa deste tipo de persoal, e cuxa bolsa ou contrato estea vinculado á Universidade de Santiago de Compostela.

Trinta e seis.- O colexio electoral do sector IV estará integrado polo persoal de administración e servizos con cargo ao capítulo I das normas orzamentarias e teña unha antigüidade igual o superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses e unha dedicación a tempo parcial equivalente a metade da xornada dun traballador ou dun funcionario a tempo completo comparable.

BASE DÉCIMO SEXTA

Sectores e subsectores electorais nas eleccións de representantes nas xuntas de centro

Trinta e sete.- Co fin de adaptar o Regulamento Electoral Xeral ao artigo 95 dos Estatutos, cómpre incorporar a nova composición en sectores e subsectores das xuntas de centro de maneira que quedarán integradas por:

a) O persoal docente e investigador e o persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo, de xeito que:

- O profesorado con vinculación permanente á Universidade representará o 51%.
- O resto non excederá do 10% do total da Xunta.

b) Unha representación do estudiantado do 32% de grao e máster.

c) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous membros.

Trinta e oito.- Por indicación do citado artigo 95 dos Estatutos, atribúese ao regulamento de réxime interno de cada centro, de ser o caso, a determinación do número de subsectores e a representación de cada un, respectando sempre que:

- a) O persoal docente e investigador a tempo parcial non represente máis do 5%.
- b) O estudantado de grao non represente menos do 20% e garantírase a representación do estudantado de máster.

Tinta e nove.- A duración do mandato dos membros das xuntas de centro elixidos será de dous anos, agás os estudantes, que comprenderá un ano.

BASE DÉCIMO SÉTIMA

Sectores electorais nas eleccións a representantes nos consello de departamento

Corenta.- Consonte o artigo 104 dos Estatutos, procede introducir a composición en sectores do Consello de Departamento que pasa a estar integrado por:

- a) Os doutores membros do departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, que non excederá do 10% do total de membros.
- c) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do departamento, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderalle ao estudantado de grao e máster e o 15% ao estudantado de doutoramento.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos.

Corenta e un.- Os profesores asociados de Ciencias da Saúde, doutores ou non, participarán nos consellos de departamento mediante a representación do persoal docente e investigador establecida na presente Base, corenta, b).

BASE DÉCIMO OITAVA

Eleccións a representantes nos comités de dirección das escolas de doutoramento

Corenta e dous.- Cómpre incorporar unha nova regulación, a de eleccións a representantes nos comités de dirección das escolas de doutoramento, dentro do ámbito das eleccións de representantes en órganos colexiados.

Corenta e tres.- No relativo ás normas xerais do proceso electoral, interesa atribuír á Comisión Electoral Central a elaboración da convocatoria, pois a convocatoria é competencia do reitor, e supervisar as eleccións de representantes no comité de dirección das escolas de doutoramento. A Comisión poderá encomendar a xestión de parte do procedemento electoral aos órganos unipersoais de dirección segundo o disposto no artigo 11 do Regulamento Electoral Xeral.

Corenta e catro.- Todos os representantes elixidos serano por dous anos. A condición de membro do Comité de Dirección perderase ao cesar a vinculación coa escola, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados no sector polo que foi elixido.

Corenta e cinco.- A determinación dos sectores do comité de dirección deriva do artigo 121 dos Estatutos, de modo que o mesmo estará composto polo director da escola, polo secretario, polos coordinadores dos programas de doutoramento adscritos a escola, e por:

- a) Unha representación do persoal docente e investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á escola, nos termos que determine o seu Regulamento de réxime interno.
- b) Unha representación dos doutorandos matriculados nos programas de doutoramento adscritos á escola, que suporá o 25% do total dos membros do Comité de Dirección.
- c) Un representante do persoal de administración e servizos.

BASE DÉCIMO NOVENA

Eleccións de representantes dos directores de departamento, de institutos universitarios de investigación, de escolas de doutoramento e doutras estruturas universitarias no Consello de Goberno: candidatos electos

Corenta e seis.- Como consecuencia da regulación establecida no artigo 79 dos Estatutos, que fixa en cinco o número de representantes dos directores de departamento no Consello de Goberno, un por cada unha das cinco grandes áreas de coñecemento, no lugar de 7 que era o previsto antes da promulgación daqueles; e de incorporar os representantes dos directores das escolas de doutoramento e das estruturas universitarias de investigación no citado órgano colexiado compartindo colexio electoral cos directores dos institutos universitarios, para elixir a 2 membros; introdúcese un novo réxime xurídico que afecta aos candidatos electos.

Corenta e sete.- Segundo o anterior, serán nomeados candidatos electos cinco, un por cada unha das cinco grandes áreas de coñecemento. Os directores de departamento poderán votar a un so candidato dentro da súa grande área de coñecemento. En caso de empate, será elixido o candidato máis antigo na súa categoría segundo o artigo 16 dos Estatutos da Universidade.

Corenta e nove.- Os directores de instituto universitario de investigación, de escola de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación elixirán dous representantes no Consello de Goberno. Na elección será nomeado candidato electo o que acadase maior número de votos. En caso de empate entre os votos obtidos polos candidatos, será designado membro o máis antigo na súa categoría consonte o artigo 16 dos Estatutos da Universidade.

Cincuenta.- Aos efectos dos artigos 79.e) dos Estatutos e das Bases precedentes, son estruturas universitarias de investigación os centros singulares, os centros propios e os centros mixtos con sede oficial na Universidade de Santiago de Compostela dedicados a actividade investigadora.

Cincuenta e un.- Son centros mixtos os que:

- a) Sexan promovidos ou participados por outra universidade, administración ou entidade, pública ou privada, na súa titularidade ou no seu financiamento.
- b) Teñan a súa sede oficial na Universidade de Santiago de Compostela.
- c) O seu director pertenza ao profesorado doutor con vinculación permanente.

Cincuenta e dous.-

Cincuenta e tres.- So poderán integrar o censo para as eleccións de representantes dos directores de departamento, de institutos universitarios de investigación, de escolas de doutoramento e doutras estruturas universitarias no Consello de Goberno, ademais dos directores dos departamentos, institutos universitarios e escolas de doutoramento, as estruturas universitarias de investigación que:

- a) Conten de xeito permanente con dez o máis membros de profesorado, persoal docente ou investigador ou outras categorías similares consonte o disposto no artigo 12 dos Estatutos.
- b) Teñan aprobado o seu regulamento de réxime interno no que se prevea a elección democrática do director.

BASE VIXÉSIMA

Procedemento electoral electrónico

Cincuenta e catro.- Para a adaptación do Regulamento Electoral Xeral á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, cómpre introducir un conxunto de normas que permitan a celebración de eleccións electrónicas de xeito seguro e conservando o segredo do voto.

Cincuenta e cinco.- No procedemento electoral electrónico a Comisión Electoral Central nomeará, previo sorteo, os membros titulares e suplentes que comporán a Mesa Electoral Electrónica.

A Comisión Electoral Central determinará en cada proceso electoral e segundo as circunstancias se o voto electrónico se emite desde calquera ordenador conectado a Internet o desde os habilitados para tal fin pola Universidade.

Cincuenta e seis.- A Mesa Electoral Electrónica será única e velará polo correcto desenvolvemento do procedemento electoral dende a apertura da votación ata o final do escrutinio.

O presidente da Mesa Electoral Electrónica deberá iniciar o sistema de elección o día e hora sinalada na convocatoria.

Os membros da Mesa Electoral Electrónica deberán custodiar as tarxetas e contrasinais por ser imprescindibles para a apertura da urna dixital.

Cincuenta e sete.- A votación realizarase unha soa vez e o voto será directo. O sistema de votación contemplará os sistemas de votos a persoas e votos en branco. Non existirán votos nulos.

Cincuenta e oito.- O sistema electoral consistirá na emisión de votos dende un dispositivo conectado a Internet ata unha urna dixital remota situada nun recinto protexido e baixo a custodia da Mesa Electoral Electrónica.

Os electores/as terán que conectarse a través da Secretaría Virtual. En caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Mesa Electoral Electrónica ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas para resolver a incidencia.

Os electores/as teranse que identificar mediante as claves de acceso corporativas da Universidade e/ou o certificado dixital, segundo se fixe na convocatoria ou o determine a Mesa Electoral antes do inicio das votacións .

BASE VIXÉSIMA PRIMEIRA

Competencia no reitor

Cincuenta e nove.- Nos procesos electorais regulados neste Regulamento cuxa convocatoria non estea expresamente atribuída a un órgano unipersoal, a competencia para convocar residirá no reitor previa proposta da Comisión Electoral Central.

BASE VIXÉSIMA SEGUNDA

Norma transitoria

Sesenta.- Os órganos colexiados de goberno que vexan alterada a súa composición como consecuencia da aprobación do presente Regulamento adaptarán a súa composición na primeira renovación que se produza.

BASE VIXÉSIMA TERCEIRA

Composición equilibrada

A Comisión Electoral Central recomendou que a norma contida na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, poida inspirar os procesos electorais da Universidade na medida do posible e atendendo as singularidades da institución.

BASE VIXÉSIMO CUARTA
Derrogación

Sesenta e un.- No caso de aprobación das liñas xerais e do posterior texto articulado do Regulamento Electoral Xeral, quedarán derrogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao seu contido , e expresamente o Regulamento Electoral Xeral aprobado polo Consello de Goberno do 30 de marzo de 2004, e o acordo do Consello de Goberno do 21 de febreiro de 2014, de modificación do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.